

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE ENXEÑERÍA CIVIL DE GALICIA PARA CONTINUAR A MELLORA DO SISTEMA DE ALERTA TEMPERÁ DE RISCO DE INUNDACIÓN NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA

A Coruña, 07 de xullo de 2020

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E de outra parte, Juan María Loureda Mantiñán, presidente do Padroado da Fundación de Ingeniería Civil de Galicia (FICG), en nome e representación da FICG, en virtude da Orden de 9 de febreiro de 1994 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 46, do 08.03.1994), pola que se declara á Fundación de interese galego e apróbanse os seus Estatutos.



MANIFESTAN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG Núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.



Segundo. A Fundación Enxeñería Civil de Galicia (FECG) é unha organización de natureza fundacional, de interese galego, vinculada á Universidade da Coruña, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado, de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

A FECG, tal e como se recolle nos seus estatutos fundacionais, persigue a consecución, entre outros, dos seguintes fins: promover a investigación científica, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación; impulsar o desenvolvemento técnico e a colaboración con outras institucións españolas e internacionais; fomentar a incorporación e o desenvolvemento de novas tecnoloxías; favorecer a investigación de grupos investigadores especialistas nos distintos campos de actuación (entre os que se atopa o sector da auga); facilitar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os grupos dos distintos axentes do sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa; coordinar a realización de estudos a solicitude de entidades, institucións e empresas e promover convenios de colaboración entre a Fundación e empresas, tanto públicas como privadas, para o desenvolvemento do obxecto fundacional e a canalización das transferencia de tecnoloxía.



Terceiro. O 10 de maio de 2019 Augas de Galicia e a FECG subscribiron un convenio para desenrolar un novo sistema de alerta temperá de risco de inundación na demarcación hidrográfica Galicia-Costa. Con este sistema buscábase complementar o sistema de alerta hidrolóxica ARTEMIS, operado por Augas de Galicia, de difícil

actualización. Desenvolouse así o sistema MERLIN, que se implementou a modo de piloto nas ARPSIS dos ríos Cee, Grova, Landro e Verdugo-Oitavén.

MERLIN permitiu un avance importante na capacidade de xestión de risco de inundación nesas cuncas por parte de Augas de Galicia. En primeiro lugar, porque permitiu pasar dunha predición da inundación baseada unicamente na estimación de caudais, como facía ARTEMIS, a una predición da inundación baseada na estimación de niveis de lámina. A predición de niveis de lámina non só supuxo unha caracterización máis precisa do impacto dunha crecida, tamén permitiu ter en conta o efecto da marea na avaliación da extensión dunha inundación. Este aspecto resulta fundamental para a correcta predición da inundación en zonas costeiras, onde se localiza unha porcentaxe moi elevada da poboación.

Por outra banda, MERLIN incorporou no seu procesado novas fontes de información hidro-meteorolóxica como observacións de satélites, radar meteorolóxico, predicións meteorolóxicas probabilistas, etc. Grazas á asimilación automática desta información observouse unha fiabilidade das predicións que realiza o sistema MERLIN maior cás obtidas mediante o sistema ARTEMIS.

Ademais, desenvolouse unha aplicación web para visualizar as predicións que se elaboran de maneira sinxela. Esta ferramenta permite difundir a información xerada a todos os axentes involucrados na actuación ante risco de inundación (Protección Civil, Concellos, etc.). Tamén se adaptou o código do sistema de alerta para que poida executarse de maneira operacional en centros de cálculo como o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia). Esta adaptación permite aproveitar os recursos de estas infraestruturas de cálculo e fai viable propor unha ampliación do sistema a novas ARPSIS da demarcación hidrográfica Galicia-Costa

Tanto o sistema MERLIN como a aplicación de visualización supuxeron en resumo unha mellora notable na capacidade de xestión do risco de inundación por parte de Augas de Galicia nunha serie de cuncas nas que se implementou de modo piloto o sistema.

Cuarta. As partes están interesadas en trasladar as citadas melloras a máis zonas susceptibles de sufrir episodios de inundación e en aumentar as capacidades do sistema.

O citado aumento das capacidades do sistema de predición de inundacións MERLIN e o seu escalado a máis áreas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa supón un traballo de innovación e investigación, que Augas de Galicia e a FECG están interesadas en realizar de forma coordinada, aportando as novidades obtidas en procesos de investigación de novas tecnoloxías, novas estratexias de xestión e planificación por parte da FECG e integrando a experiencia da Administración Hidráulica de Galicia.

Consecuentemente co exposto, as partes deciden desenvolver as actuacións que se detallan no clausulado deste convenio, para así conseguir unha maior rendibilidade de esforzos nesta materia, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Fundación de Enxeñería Civil de Galicia para continuar a mellora do sistema de alerta temperá de risco de inundación na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

SEGUNDA. CONTIDO DA COLABORACIÓN

A colaboración articularase en torno a dous eixos de traballo:

O primeiro eixo de traballo céntrase en investigar como estender a implementación do sistema MERLIN a máis cuncas e ARPSIS de Galicia-Costa. Incorporaranse 17 novas cuncas hidrográficas ó sistema, de maneira que ó final do convenio todas as cuncas actualmente implementadas no sistema ARTEMIS estarán tamén incorporadas ó sistema MERLIN. Ademais, engadiranse ó sistema MERLIN 10 novas ARPSIS, todas elas correspondentes a ARPSIS de nivel IV (risco alto) segundo o Plan de xestión do risco de inundación D. H. Galicia-Costa (Ciclo 2015-2021). No anexo I deste documento indícanse as cuncas e ARPSIS consideradas. AG e a FECG colaborarán na elaboración de directrices para a construción dos modelos hidráulicos e hidrolóxicos das ARPSIS e cuncas respectivamente, así como na incorporación dos modelos hidráulicos e hidrolóxicos ó sistema de alerta. A elaboración dos modelos hidrolóxicos das bacias hidrográficas con HEC-HMS e dos modelos hidráulicos das ARPSI con Iber non é obxecto desta colaboración, e o seu coste non se inclúe no orzamento do convenio. Estas tarefas poderán ser realizadas por empresas externas ao convenio, respectando as directrices elaboradas conxuntamente por AG e a FECG.

Dentro de este eixo de traballo, AG e a FECG tamén colaborarán na identificación de emplacementsos de seccións de control de inundacións. AG prevé ampliar a súa rede de control dos ríos instalando novos puntos de medida de nivel. Os técnicos de FECG colaborarán co os de AG e da empresa responsable da instalación das novas estacións na identificación do emplacementso máis axeitado, naquelas ARPSIS incluídas nas ampliación do sistema MERLIN.

O segundo eixo de traballo céntrase na colaboración entre AG e FECG para a ampliación das capacidades do sistema MERLIN. Por unha banda, partindo de investigacións previas desenvolvidas por técnicos da FECG, analizarase a metodoloxía

para a incorporación das regras de operación dos encoros situados nas cuncas hidrográficas incluídas no sistema de predición. Estas regras de operación modificarán os caudais preditos á saída dos encoros e permitirán simular a laminación da avenida que se acada coa regulación dos embalses.

Por outra banda, investigarase como incorporar ao sistema novos produtos de predición meteorolóxica de elevada resolución, que previsiblemente mellorarán a fiabilidade do sistema de alerta durante eventos de choiva convectiva. Estes produtos meteorolóxicos serán asimilados automaticamente para obter predicións de nivel e caudal, complementarias ás que elabora actualmente o sistema de alerta. Tanto a Axencia Española de Meteoroloxía (AEMET) e MeteoGalicia xa mostraron a AG e á FECG a súa vontade de colaborar nesta liña de traballo.



Outra investigación a desenvolver no marco deste convenio para a ampliación das capacidades do sistema consistirá no estudo da inclusión dun modelo de drenaxe dual para a predición de inundacións pluviais, que será aplicado, a modo de proba piloto, nunha das ARPSIS do sistema. Desta maneira, AG e a FECG colaborarán na investigación da predición das inundacións debido á superación da capacidade dos sistemas de drenaxe e non só as inundacións asociadas ó desbordamento dos ríos. A elección a ARPSI acordarase ó comezo do convenio, unha vez avaliada a información dispoñible.



Finalmente, tamén se analizarán as capacidades da ferramenta de visualización, e se estudiará como adaptalas ás necesidades dos axentes involucrados na actuación ante risco de inundación. Para elo, os técnicos de AG e da FECG investigarán os requirimentos de cada axente e avaliarán as posibilidades dispoñibles.

TERCEIRA. GRUPO DE TRABAJO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e da FECG. A FECG coordinará e impulsará os traballos do grupo, e desenvolverá en coordinación/colaboración con Augas de Galicia as liñas de traballo e actividades recollidas neste convenio, para acadar os fins perseguidos con esta colaboración.

CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- A FECG obrígase a:

- Achegar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense unha parte dos custos nos que incorra.
- Coordinar o grupo de traballo e impulsar os traballos do grupo, e executar as actividades necesarias para a realización do obxecto do convenio.

2.- Augas de Galicia obrígase a:

- Achegar ao grupo de traballo os medios técnicos e persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades.
- Achegar toda a información relevante da que se dispoña actualmente para os efectos do desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio.
- Achegar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula quinta en concepto de compensación de custos á FECG.

QUINTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

En razón das achegas realizadas pola FECG para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no anexo II a este convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de cento trinta mil euros (130.000,00 €), con cargo á conta 219 “Outro inmovilizado inmaterial” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2020: 25.000,00 €

2021: 75.000,00 €

2022: 30.000,00 €

En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia á FECG, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos á FECG logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 1 de decembro da anualidade correspondente, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, e se acompañará as correspondentes facturas, no seu caso nóminas, ou documento acreditativo nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos.

Non obstante, a medida que se vaian realizando as tarefas establecidas no anexo II, Augas de Galicia poderá realizar os abonos parciais establecidos para cada tarefa, a medida que a FIGG xustifique a súa execución. En ningún caso, o importe abonado en 2020 superará ao comprometido para esa anualidade. Respectando o límite anterior, a menor execución nunha das tarefas poderá compensarse coa maior execución doutras unha vez quede acreditada aquela.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición

competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efecto dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia durante 18 meses.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a FECG e tramitarase a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe da anualidade 2020 non xustificando pasará á anualidade 2021, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.

UNDECIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- o incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.

DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta
de Augas de Galicia



Ethel María Vázquez Mourelle

O presidente do Padroado da
Fundación de Enxeñería Civil de Galicia



Juan María Loureda Mantiñán

ANEXO I. Cuncas e ARPSIS a incluír no sistema de alerta

Número	Cunca hidrográfica	ARPSI
1	Anllóns	Carballo (ES014-CO-10-01-04)
2	Eume	As Pontes (ES014-CL-13-02-03)
3	Grande	Baio (ES014-CO-09-01-02)
4	Fontecova	Viveiro (ES014-LU-17-01-01)
5	Lérez	Pontevedra (ES014-PO-03-02-04)
6	Mandeo	Betanzos (ES014-CO-12-01-01)
7	Mero	Cambre (ES014-CO-11-04-05)
8	Sar	Bertamiráns (ES014-CO-05-04-16)
9	Ulla	Padrón (ES014-CP-05-02-11)
10	Umia	Caldas de Reis (ES014-PO-04-02-07)
11	Xallas	
12	Xubia	
13	Covo	
14	Mendo	
15	Ouro	
16	Masma	
17	Tambre	



ANEXO II. Orzamento

Tarea	Descrición actividade	ACHEGAS (Euros)	
		Augas de Galicia	FECG
E1	Identificación de seccións de control de inundacións	15.000	5.000
E2	Revisión de modelos hidráulicos e elaboración de directrices	15.000	5.000
E3	Incorporación dos modelos hidrolóxicos ó sistema de alerta *	25.000	
E4	Incorporación dos modelos hidráulicos ó sistema de alerta *	20.000	
A1	Implementación das regras de operación dos embalses.	15.000	5.000
A2	Incorporación das predicións meteorolóxicas de AEMET	10.000	10.000
A3	Incorporación dun modelo de inundación pluvial ó sistema de alerta	15.000	30.000
A4	Aumento das capacidades do visor web actual	15.000	
	TOTAL	130.000	55.000

Nota: As tarefas E3 e E4, non inclúen a elaboración dos modelos hidrolóxicos e hidráulicos. Estes modelos poderán ser elaborados por empresas externas ó convenio, respectando as directrices elaboradas conxuntamente por AG e a FECG.

